

CIRCULAR 259

The background of the cover is a repeating pattern of thick, wavy lines. The lines are in two colors: a vibrant purple and a dark brown. The pattern consists of large, stylized, interlocking loops that resemble a maze or a series of connected paths. The purple lines are more prominent and form the primary structure of the pattern, while the brown lines fill the spaces between them.

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

MAIO 2016

OS CAMIÑOS DA PSICOLOXÍA

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Rocío García Calvo

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa / Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coas Seccións de Psicoloxía da Intervención Social e Xurídica



Marta Rivas Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 260 de xullo de 2016,
e sairá a principios do mes de xullo de 2016.
A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de xuño.

5	Información Xeral
13	Información das Seccións
19	GIPCE
21	Comisión Intersectorial de Xénero
21	Comisión de Cultura
22	Comisión de Ética e Deontoloxía
25	Cursos, Xornadas e Congresos

Editorial

A racionalización de horarios: máis alá da hora de peche

Neste tempo de *standby* político-institucional, apenas se escoltiu unha única proposta por parte do presidente en funcións, non se sabe se electoral ou con que fin: rematar a xornada de traballo ás 18 horas coa intención de promover a racionalización dos horarios laborais e en definitiva, a conciliación persoal, familiar e laboral. Sorprende que se lance algo así neste momento, como se fose o remedio de todos os males que acusa o mercado laboral no conxunto do Estado, e cando en épocas de bonanza económica nunca se conseguiu poñer en marcha medidas para favorecer uns horarios máis racionais e a conciliación (non falemos de corresponsabilidade) era máis ben unha ilusión.

A racionalización dos horarios de traballo é primordial dado que afecta á saúde da poboación, á produtividade das empresas, á sinistralidade laboral e desde logo, á consecución dunha igualdade real entre homes e mulleres. Pero vai máis alá da pretensión de impoñer un fin da xornada ás seis da tarde. A conciliación quedou nun segundo ou terceiro plano coa chegada da crise económica: a preocupación maior é manter ou conseguir un posto de traballo e así o indican as estatísticas.

Segundo a VII Enquisa Nacional de Condicións de Traballo (2012), un 40% da poboación ocupada prolonga o seu horario de traballo máis alá do fixado, con ou sen remuneración. Cando

o traballo invade a vida persoal, o resultado é un incremento do estrés, da irritabilidade, a desafección cara ás necesidades da empresa e, por ende, unha diminución da produtividade.

A Lei de Igualdade de 2007, que recollía políticas de conciliación e plans de igualdade, foi un dos cadáveres que deixou polo camiño a Reforma Laboral de 2012, xunto coa raquización orzamentaria da Lei da Dependencia. No texto legal de 2012 só se introducen uns cantos matices en cuestións como o permiso de lactancia ou o de maternidade; pero cómpre desvincular a conciliación dos permisos, xa que só contribúe a reforzar os estereotipos e prexudica a muller. Coa Reforma Laboral, a mensaxe que se trasladou foi clara: coa crise non é momento de ocuparse de luxos como a racionalización de horarios e menos aínda, da conciliación. O termo «corresponsabilidade» non se menciona no texto.

Chama a atención que a proposta do fin da xornada ás 18 horas veña do mesmo goberno que ao comezo da mesma lexislatura aprobaba unha lei que abarata o despido, que reforza o poder da patronal para que non teña que negociar coa representación dos traballadores e traballadoras as modificacións substanciais das condicións de traballo de carácter colectivo –incluído os horarios–; que incrementa a flexibilidade das condicións laborais en beneficio da empresa.

Cunha base legal que despreza a negociación colectiva, tentar introducir a racionalización de horarios como solución para os problemas de conciliación é como atallar un infarto con aspirinas. Se as empresas toman conciencia do valor do tempo e apostan por modelos nos que se prime o cumprimento de obxectivos fronte ao actual, que non é outro máis que un control de asistencia, será o punto de partida para moitos outros beneficios. Por unha banda, favorece a retención de talento, grazas á implicación e a satisfacción que obteñen as persoas empregadas; mellora as condutas de cidadanía organizacional, que non son obrigas como tal pero que resultan positivas para a compañía e a mellora do seu clima laboral; incrementa a produtividade; mellora a calidade de vida das persoas e o mantemento de hábitos saudables; facilita a corresponsabilidade nos labores domésticos e de coidado, o que repercute no avance da igualdade entre homes e mulleres...

As empresas teñen que aprender que o desenvolvemento persoal, familiar e profesional afecta tanto a homes como a mulleres, dado que parece que a conciliación é só un tema que lle afecta a elas. Na lexislación estatal e autonómica hai escasos mecanismos que favorezan a compatibilización da vida laboral e da familiar, que inclúe tanto a fillos e fillas como a persoas maiores dependentes, un sector da poboación que está medrando. A falta de recursos tradúcese en que as familias teñen que tirar de carteira e/ou tempo para adaptarse. E habitualmente, se falamos de tempo, quen sae máis prexudicada é a muller: por cada 26 mulleres que traballan a tempo parcial para conciliar, hai un home; tras un ano do nacemento do fillo ou filla, o 84% de quen deixa de traballar son mulleres, motivadas polo alto custo de garderías ou persoas cuidadoras.

Existen alternativas que son boas para as persoas empregadas e boas tamén para as empresas. Os horarios flexibles, nos que se ofrece unha marxe de entrada e saída; unha maior autonomía por parte da persoa empregada á hora de organizar o seu traballo; a introdución de tecnoloxías da información e do teletraballo; os horarios intensivos sen esas pausas de 2 horas ao mediodía que provocan a sensación de botar todo o día na empresa, etc. Os beneficios a nivel de produtividade, do clima laboral e da redución de riscos psicosociais, son claros. Máis alá da hora de peche, a Administración debe apostar por medidas que incentiven a racionalización dos horarios, devolvendo as competencias á negociación colectiva e promovendo unha maior calidade do emprego.

INFORMACIÓN
XERAL

Relacións Institucionais

Eva Muíño Gómez, vogal da Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, acudiu o 17 de febreiro ao III Plenario sobre Modos Brandos: Peóns e Bicicletas da Concellaría de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade do Concello de Santiago de Compostela.

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 26 de febreiro aos actos de celebración do Patrón da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Tamén asistiu ao acto de Conmemoración do XX Aniversario da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela que se celebrou o 1 de abril en Santiago de Compostela.



M^a Rosa Álvarez Prada

O vogal da Xunta de Goberno, José Manuel Oreiro Blanco, asistiu o 1 de marzo á mesa de traballo para a elaboración dun Protocolo para a prevención de desafiuzamentos e a atención ás persoas afectadas, da Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago de Compostela.



José Manuel Oreiro Blanco

A secretaria do COPG, Rocío García Calvo, asistiu o 11 de marzo á reunión da Comisión de Intrusismo Profesional, creada no seo de Unión Profesional de Galicia (UPdG) e da cal o COPG forma parte.



Rocío García Calvo

M^a Jesús López Cernadas, presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiu o 18 de marzo á xuntanza da mesa de traballo para o estudo da situación das persoas sen teito-transeúntes e dos recursos, organizada pola Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago de Compostela.



M^a Jesús López Cernadas

Hipólito Puente Carracedo, vicedecano, e Olegaria Mosqueda Bueno, vogal da Xunta de Goberno, mantiveron unha reunión o 29 de marzo co director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, Manuel Corredoira López, para tratar sobre o Plan de Convivencia Escolar, a inclusión da figura do psicólogo educativo no ensino, o «Protocolo de actuación en centros educativos. Guía breve para o asesoramento e intervención» do GIPCE e o máster de Psicoloxía Educativa, entre outros temas.



Ana Isabel Martínez Arranz

O 23 de marzo Ana Isabel Martínez Arranz, coordinadora do GIP-CE, mantivo unha reunión con José Gil de Bernabé, subdirector xeral de Planificación e Protección Civil da Xunta de Galicia, para tratar sobre a renovación para 2016 do convenio en materia de atención psicolóxica en situacións de catástrofes e emerxencias.

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, e Miguel A. Chouza Ponte, membro da Xunta de Goberno, mantiveron unha reunión o 31 de marzo co vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, na que se abordaron os convenios que o COPG mantén coa súa Administración (Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias, Mediación, Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero e para as e os menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan estas situacións de violencia de xénero e «Abramos o Círculo»), as Xornadas de Concienciación, Psicovial, así como a situación do Instituto de Medicina Legal de Galicia e a dotación de profesionais da psicoloxía nas oficinas de atención a vítimas.

En representación do Colexio



Asistentes á reunión sobre atención temperá

Olegaria Mosqueda Bueno, vogal da Xunta de Goberno, asistiu ás reunións o 20 de febreiro e o 9 de abril convocada polo Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia, onde se tratou o Decreto 183/2013 de 5 de decembro polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá. A estas reunións asistiron representantes do Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia, do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia, da Asociación de Terapeutas Ocupacionais e do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Tamén participou o 11 de marzo en Santiago de Compostela na xornada «Obxectivo: acoso cero» organizada polo Departamento de Innovación Pedagóxica de Escolas Católicas Galicia.

A secretaria do COPG, Rocío García Calvo, asistiu o 6 de abril á estrea da obra de teatro organizada por LAR pro Salud Mental, Asociación e Fundación sen ánimo de lucro, que ten como obxectivo a rehabilitación psicosocial e laboral de persoas con enfermidades mentais severas.

María Celeste Porto Gómez, secretaria da Xunta Directiva da Sección de Psicología da Intervención Social, asistiu aos actos de celebración do Día Mundial do Traballo Social, que tiveron lugar o 11 de marzo en Santiago de Compostela, organizados polo Colexio Oficial de Traballo Social.

O coordinador do Grupo de Traballo sobre Saúde e Benestar Ocupacional da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións, Carlos Montes Piñeiro, asistiu o 7 de marzo á comisión de seguimento do acordo marco de colaboración entre o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e o COPG, para a promoción e colaboración en actuacións de seguridade e saúde no traballo.

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A presidenta da Sección de Psicología Xurídica do COPG, M^a Dolores Seijo Martínez, asistiu ao I Encontro Anual Interterritorial de Psicología Xurídica dos Colegios Oficiais de Psicología, no que participaron os membros da Xunta Directiva da División de Psicología Xurídica, que se celebrou o día 27 de febreiro en Madrid.

O presidente da Sección de Psicología e Saúde do COPG, Francisco Javier Sardiña Agra, asistiu á reunión da Xunta Directiva da División de Psicología Clínica e da Saúde do Consejo General de la Psicología os días 19 e 20 de marzo en Madrid.



M^a Celeste Porto Gómez



Carlos Montes Piñeiro



M^a Dolores Seijo Martínez



Xavier Sardiña Agra



José Luis Domínguez Rey

José Luis Domínguez Rey, coordinador da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións do COPG, asistiu á reunión da Xunta Directiva da División de Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH) que tivo lugar en Madrid os días 15 e 16 de abril.

Presentación da Guía de Peritos 2016

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 16 de febreiro, ao acto de presentación da Guía de Peritos de Unión Profesional de Galicia, da que o COPG forma parte.

Na presentación de dito acto, destacou a presenza de personalidades do ámbito da Xustiza Galega: Fernando Suanzes Pérez, Fiscal Superior de Galicia, Miguel Ángel Cadenas, Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e Juan José Martín, Director Xeral de Xustiza de Galicia.

Asemblea Xeral de colexiados e colexiadas



Momento da Asemblea Xeral de colexiados e colexiadas do COPG

O 29 de marzo tivo lugar na sede do Colexio Oficial de Psicología de Galicia sesión ordinaria da Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG. Nela aprobáronse a Conta de Resultados e o Balance de Situación a 31 de decembro de 2015, así como a Memoria de Actividades do Colexio en 2015, a cal xa está

a disposición de todos os colexiados e colexiadas na páxina web do Colexio.

Día mundial de concienciación sobre o autismo

O 2 de abril celebrouse o Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo. A campaña deste ano, promovida por Autism Europe levaba por título «Inclusión, tolerancia e respecto». Consistiu en facer o xesto de pasar a remuda azul como símbolo de que a inclusión é responsabilidade de toda a cidadanía e subir esa imaxe ás redes sociais co hashtag #pasaloporelautismo. A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, participou nesta campaña.



A decana do COPG na campaña de concienciación sobre o autismo

Conversatorio «Accións Contra o Acoso Escolar»

Desde o Colexio deseñamos un ciclo de faladoiros abertos á sociedade en xeral no que se abordarán temas de especial incidencia tomando como punto de saída o da nosa profesión, para expoñer as respostas que desde os diferentes ámbitos da psicoloxía poden dárselle a problemas de completa actualidade. Temas que preocupan tanto á sociedade e que son de crucial transcendencia na vida da persoa, coma o acoso escolar, as novas tecnoloxías, a depresión, a violencia machista, o envellecemento, o mobbing... Son retos que temos que afrontar e para os que a psicoloxía é un recurso imprescindible.

O 28 de abril celebrouse o primeiro na Sede Afundación de Santiago de Compostela, cunha grande afluencia de público, co título «Accións contra o acoso escolar».

No acto, que estivo moderado pola decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, interviñeron o inspector de educación no ensino non universitario, José Fernando Carrasco Mera, a psicóloga e orientadora do IES Santa Irene de Vigo, Olegaria Mosqueda Bueno, e a presidenta da Confederación Galega de ANPAs de Centros Públicos (CONFAPA) de Galicia, Helena Gómez Vecino.



Conversatorio «Accións contra o acoso escolar»

III Congreso de Psicología Profesional de Galicia

Acto de presentación

O 2 marzo o Colexio Oficial de Psicología de Galicia presentou aos medios de comunicación o III Congreso de Psicología Profesional de Galicia «Camiños da psicología». Trátase do maior encontro profesional da psicología na nosa Comunidade tras a última edición deste Congreso, celebrada en 1991.

Este congreso celebrarase en Santiago de Compostela, no Palacio de Congresos, os días 2, 3 e 4 de xuño e nel participarán arredor dun cento de relatores e relatoras que abordarán os diferentes eidos da psicología (saúde, educativa, xurídica, psicología da intervención social, traballo e organizacións, emerxencias, tráfico, xénero, mediación, deporte, etc.).

Na presentación participaron:

- M^a Rosa Álvarez Prada, decana do Colexio Oficial de Psicología de Galicia e presidenta do III Congreso de Psicología Profesional de Galicia.
- Víctor M. Torrado Oubiña, presidente do Comité Organizador do III Congreso de Psicología Profesional de Galicia.



Acto de presentación do Congreso

Descontos

O congreso «Camiños da Psicología» terá lugar do 2 ao 4 de xuño no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia.

Tés a posibilidade de viaxar en tren cun 30% de desconto en RENFE. Unha vez realizada a túa inscrición podes solicitar o cupón de desconto a través do correo electrónico do Colexio Oficial de Psicología de Galicia copgalicia@copgalicia.gal.

Tamén se ten un acordo co Hotel Puerta del Camino, ao lado da sede do congreso, que ofrece un prezo reducido a congressistas. Efectúa a reserva telefonicamente, identificando que participas no congreso, para beneficiarte do desconto.

Accreditación profesional da especialidade de Psicoloxía do Deporte

O Consejo General de la Psicología está a implementar a Acreditación profesional da Especialidade de Psicoloxía do Deporte. Na web da División de PACFD <http://www.pacfd.cop.es> podes consultar os requisitos para obter esta acreditación, e está previsto que en breve se depositen nesta web o resto de documentos para iniciar a solicitude de acreditación, o que notificaremos no seu momento.

Alegacións


O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou alegacións contra as Bases para a selección dun psicólogo/a para o Centro de Información á Muller (CIM) do concello de Ares.

Medios de comunicación

Desde o **Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia** difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa> e <http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

-  <http://www.facebook.com/copgalicia>
-  www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia
-  <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolox%C3%ADa-Galicia-4811703/about>



Xa somos
2870 colexiadas
e colexiados

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.



Obradoiro «A entrevista de avaliación forense»

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Formación

O 2 de abril a sección de Psicoloxía Xurídica desenvolveu un obradoiro sobre a **Entrevista de avaliación forense**, co obxectivo de coñecer as características específicas desta modalidade de entrevista. O obradoiro, que tivo un marcado carácter práctico, foi dirixido por Jordi Bajet i Royo, psicólogo forense con extensa experiencia no eido privado e profesor da Universidad de Barcelona, subdirector do Màster en Psicología Forense i Criminal (UB) e supervisor senior de l'Institut de Psicologia Forense (Barcelona). Coordinou esta formación Milagros Martínez García, vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG.

III Congreso Iberoamericano de Justicia Terapéutica

Despois de organizar o II Congreso en México, a Asociación Iberoamericana de Justicia Terapéutica organiza en Santiago de Compostela o seu III Congreso, que terá lugar o 20 e 21 de xuño na Escola Galega de Administración Pública. O COPG é una entidade colaboradora deste Congreso.

Máis información: <http://justiciaterapeutica.webs.uvigo.es>

Eleccións á Xunta Directiva da Sección

Están convocadas as eleccións á Xunta Directiva da Sección. O prazo para presentar candidaturas remata o 6 de maio e a xornada electoral será o 25 de xuño.

Acreditación Experto en Psicoloxía Forense

Informar que o Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid, o Col. legi Oficial de Psicología de Catalunya e a Sociedad Española de Psicología Jurídica y Forense, abriron o prazo para a Acreditación en Experto en Psicoloxía Forense. O obxectivo desta acreditación é defender a importancia do perfil profesional e funcional do psicólogo ou psicóloga forense, avalando a competencia das

psicólogas e psicólogos que traballan nesta área e garantindo un servizo especializado que responda axeitadamente aos intereses e dereitos das persoas usuarias. Este primeiro prazo permaneceu aberto ata o 30 de abril.



Grupo de Traballo de Psicoloxía das Forzas Armadas e Corpos de Seguridade

Grupo de Traballo de Psicoloxía das Forzas Armadas e Corpos de Seguridade

Dentro da sección formouse un grupo de traballo denominado Grupo de Traballo de Psicoloxía das Forzas Armadas e Corpos de Seguridade, que vén traballando na elaboración dunha guía que se presentará en breve a través da sección. Así mesmo, e relacionado con este tema, o grupo participará no III Congreso de Psicoloxía Profesional en Galicia cun póster e unha comunicación.

copgalicia.gal/seccions/xuridica

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Formación específica sobre atención psicolóxica a persoas refuxiadas

A Sección de Psicoloxía da Intervención Social está a organizar desde novembro de 2015 varias **sesións formativas sobre a atención psicolóxica a persoas refuxiadas**, coa finalidade de ofrecer un servizo profesional a este colectivo. Continuando con estas sesións, o pasado 5 de marzo celebrouse a segunda xornada formativa no Salón de Actos do Colexio, na cal se trataron os seguintes temas: unha aproximación ao conflito sirio,



Xornada formativa
«Atención psicolóxica a persoas refuxiadas»

o proceso de acollemento das persoas refuxiadas e o seu perfil actual en España e Galicia e a intervención psicolóxica a persoas refuxiadas. Para esta xornada contou con varios psicólogos e psicólogas con experiencia profesional neste ámbito. En primeiro lugar, participou Marcos Pérez Gutiérrez, psicólogo do Centro de Migracións de Torrelavega (Cantabria) mediante unha comunicación «online»; e de xeito presencial participaron como relatoras M^a Jesús López Cernadas, presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, Elena González Cid, psicóloga da Asociación ACCEM en A Coruña; e Nuria Lago Fernández, psicóloga e mediadora intercultural.

A intervención psicosocial no «III Congreso de Psicología Profesional de Galicia»

O **III Congreso de Psicología Profesional de Galicia «Camiños da Psicología»**, organizado polo COPG e que terá lugar do 2 ao 4 de xuño, acollerá diversas conferencias, simposios e comunicacións no ámbito da Psicología da Intervención Social. Participaremos co simposio 16 «Psicología da Intervención Social», que será o venres 3 de xuño e o simposio 15 «Envellecer hoxe», que terá lugar o sábado día 4.



Obradoiro «A psicoloxía da intervención social no actual contexto das políticas sociais»

Obradoiro «A psicoloxía da intervención social no actual contexto das políticas sociais»

A Sección de Psicología da Intervención Social organizou o obradoiro «**A psicoloxía da intervención social no actual contexto das políticas sociais**» impartido polo psicólogo Fernando Fantova Azcoaga o sábado 30 de abril no Salón de Actos do COPG.

Este obradoiro, gratuíto para os membros desta Sección, tivo como obxectivo a análise do contexto actual das políticas sociais en España e facer unha reflexión sobre as achegas da Psicoloxía para a construción dunha intervención social baseada no coñecemento.

O día anterior, na Librería Couceiro de Santiago de Compostela, a Sección celebrou un acto de presentación do libro de Fernando Fantova *Diseño de políticas sociales*.



Momento da presentación do libro «Diseño de políticas sociales»

cogalicia.gal/seccions/intervencion-social

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Grupo de traballo de atención primaria

Alicia Carballal Fernández, vogal da Sección, vén de asumir a coordinación do Grupo en substitución de M^a José Carreira Vidal. Os nosos agradecementos á anterior coordinadora pola súa dedicación e o labor realizado.

Formación realizada

Os días 22 e 23 de abril celebrouse en Santiago de Compostela o curso «**Achegas á transexualidade desde un modelo sexolóxico. Ferramentas para a atención a persoas transexuais**», impartido por José Ramón Landarroitajaurégi Garai. O curso contou con 30 asistentes que puideron aprender sobre os principios básicos da sexoloxía substantiva e a intervención psicolóxica con persoas transexuais.



Curso «Achegas á transexualidade desde un modelo sexolóxico»

Formación prevista

Continuamos a traballar na programación de nova formación de interese para os Colexiados e Colexiadas, con novas propostas desde o Grupo de Traballo en Neuropsicoloxía e un curso sobre técnicas de mentalización dos afectos.

cogalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

EuroPsy Especialista en PTO

Unha vez que no transcurso do pasado mes de febreiro a EFPA aprobou o «EuroPsy Especialista en Psicoloxía do Traballo e das Organizacións» e estando á espera de poñer en marcha o sistema de acreditación, o Comité Nacional Experimental de Acreditación iniciará as súas primeiras reunións no mes de maio. O comité marcará as pautas de traballo para analizar e actualizar aspectos vinculados ao procedemento, a súa organización e difusión. Oportunamente informarase ás persoas interesadas da Sección PTO sobre o proceso e os acordos tomados polo devandito comité sobre a certificación.

Grupo de Traballo de Saúde e Benestar Ocupacional

O grupo de traballo interno da Sección no seu quinto ano de actividade e co obxectivo de impulsar a visibilidade do e da profesional PTO no ámbito dos riscos psicosociais, a partir do mes de maio reestrutúrase, e inicia unha nova axenda de traballo en virtude do convenio de colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) da Xunta de Galicia. Continuará programando sesións técnicas, seminarios e encontros de traballo no marco da saúde laboral e participando na elaboración de perfiles profesionais como nos circuitos de formación en materia de prevención. Por outra parte, os membros do grupo, atendendo á Estratexia SST 2016-2020 para a Comunidade Autónoma, poderán participar nos proxectos de estudo sobre estrés laboral, impactos dos riscos psicosociais e difusión de metodoloxías en áreas de intervención contempladas para sectores específicos no contexto laboral.

As boas prácticas da psicóloga e psicólogo coaching e acreditación

O 12 de marzo Isabel Aranda García, psicóloga experta en coaching, coach PCC por **International Coach Federation** (ICF) e membro da Sección de Psicoloxía do Traballo, RRHH e Organiza-

cións do COP Madrid, impartiu a conferencia sobre «Acreditación e boas prácticas do psicólogo e psicóloga experta en coaching». Co obxectivo de poñer en valor a figura da e do profesional de PTO e dos Recursos Humanos nas actividades do coaching, as persoas asistentes tiveron a oportunidade de coñecer o valor diferencial da psicóloga e psicólogo expertos, identificar as súas competencias e intercambiar impresións sobre a acreditación profesional.

Programación da Sección

A Sección está perfilando para os próximos meses un calendario de actividades sobre diversas temáticas. No mes de maio e xuño, ademais de organizar e participar nos distintos foros do III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia, ten previsto un foro-debate sobre a empregabilidade, orientación laboral e servizos públicos de emprego e un obradoiro formativo sobre psicoloxía e coaching. O calendario para o segundo semestre do ano contempla sesións técnicas, seminarios e foros sobre intervención organizacional en prevención de riscos, novos retos na xestión dos RRHH, negociación en organizacións e unha sesión de traballo RRHH para tratar o tema da avaliación psicolóxica en mergullo profesional.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

A vogal da sección Nuria Lago coordinou a charla sobre «**Disciplina positiva**», celebrada no Salón de Actos do Colexio o xoves 3 de marzo, e que impartiu Bibiana Infante Cano, psicóloga, adestradora en disciplina positiva e membro da Asociación Disciplina Positiva España (ADPE). A devandita actividade contou cunha elevada participación e as persoas asistentes fixeron unha valoración moi positiva da mesma.

Olegaria Mosqueda Bueno, en representación da Sección de Psicoloxía Educativa, participou o día 11 de marzo na mesa redonda «Reflexións arredor do acoso escolar». Esta mesa estivo enmarcada dentro da Xornada «Obxectivo: acoso escolar cero», organizada por Escolas Católicas e que tivo lugar en Santiago de Compostela.



Conferencia «Acreditación e boas prácticas do psicólogo e psicóloga experta en coaching»


copgalicia.gal/secciones/traballo-e-das-organizacion



Conferencia «Disciplina positiva»

copgalicia.gal/secciones/educativa

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)



Xornada «Sensibilización ante os accidentes de tráfico»

copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce

Formación interna

O 21 de maio realizárase dentro do marco «Repensando» o IV Seminario co título de «Comunicacións de mala novas», onde se afondará nas intervencións levadas a cabo polo GIPCE durante estes anos nese ámbito.

Formación externa

Dentro da formación programada pola Academia Galega de Seguridade Pública, a nosa compañeira do GIPCE M^a Leonor Galiana Caballero, imparte nos meses de abril e maio, a materia de Psicoloxía policial para mandos, incluída no «Curso para policía locais en promoción».

O 4 de abril Marcos Álvarez Fernández, participou como relator na Xornada «Sensibilización ante os accidentes de tráfico», celebrado no IES de Celanova (Ourense), onde se tratou o papel do psicólogo e psicóloga dentro das emerxencias e se informou sobre o labor do GIPCE nestes casos.

Os días 12, Ana Núñez Rubines, e o 19 de abril, Ana Isabel Martínez Arranz, impartiron formación sobre «Primeiros auxilios psicolóxicos» e a «Intervención do GIPCE no accidente do tren Alvia, en Santiago de Compostela», respectivamente, en colaboración coa profesora da materia de Intervención en crise e trauma do Máster de Psicoloxía Sanitaria da USC.

Informacións

O 16 de marzo Julita M^a Touriño Araújo participou na primeira xuntanza convocada para a preparación do Simulacro Xeral Aeronáutico do aeroporto de Peinador (Vigo) previsto para o mes de xullo no que se traballará sobre a intervención nun caso de accidente aéreo.

Durante o mes de abril, desde a Comisión Coordinadora do GIPCE estivemos revisando todos os informes rexistrados no COPG para certificar os tempos de intervencións desde o inicio do Grupo e ata a actualidade. Esta certificación será necesaria para a que esperamos sexa a próxima acreditación en emerxencias a nivel estatal.

Novo enderezo electrónico: somos .gal

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten desde setembro de 2015 un novo enderezo na rede: podes visitarnos en www.copgalicia.gal e escribirnos a copgalicia@copgalicia.gal. Así integrámonos no dominio .gal, co fin de contribuír a crear unha identidade comunitaria tamén na rede.

Lembra que realizamos a meirande parte das nosas comunicacións a través do correo electrónico, así que para garantir que non rematen na carpeta de SPAM, engade o noso enderezo aos teus contactos.

O teu número de colexiación ten moito valor: faino ver

O teu número de colexiación acredítate como profesional diante da sociedade: é o mellor aval para garantir que cumpres coa titulación e cos requisitos legais para exercer como psicólogo ou psicóloga, sexa cal sexa a túa especialidade ou área de traballo.

Faino público nos informes que elaboras, no teu espazo de traballo, nas túas comunicacións...

Teño a obriga de colexiarme?

No conxunto do Estado español, é un **requisito indispensable** para o exercicio da profesión da psicoloxía estar incorporado ao Colexio Profesional correspondente. Todos os psicólogos e psicólogas que exerzan no ámbito público ou privado e baixo calquera fórmula de contratación, teñen esta obriga.

Este requisito recóllese do artigo 3.2 da Lei de Colexios Profesionais despois da reforma operada pola Lei 25/2009 (Lei Ómnibus), que mantén as obrigas vixentes.

Certificados do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais

A Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia introduce un novo apartado no artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor establecendo a obriga de que se aporten certificados negativos do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais para todas e todos os profesionais que traballan en contacto habitual con menores.

Polo tanto, **todos aqueles e aquelas profesionais da psicoloxía que tratan a menores**, deben contar co devandito **certificado negativo**. No caso de estar en relación laboral, este debe presentarse ante a persoa empregadora, e no caso de ser autónomo deberá estar a disposición dos representantes legais dos/das menores.

Para o caso de que a persoa solicitante non teña a nacionalidade española, ademais deberán pedir un certificado do seu país de nacionalidade debidamente traducido e legalizado.

A certificación pódese solicitar de maneira gratuíta no Ministerio de Xustiza de maneira telemática ou de maneira presencial ou por correo postal, nas Xerencias Territoriais do Ministerio de Xustiza ou en Madrid, na oficina Central de Atención ao Ciudadán.

Información máis detallada e formularios no seguinte link: <http://www.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Portal/es/ciudadanos/tramites-gestiones-personales/certificado-delitos>

COMISIÓN INTERSECTORIAL DE XÉNERO

copgalicia.gal/grupos-comisions/intersectorial-de-xenero

Concurso xuvenil de cartaces «Pola igualdade»

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través da Comisión Intersectorial de Xénero, con motivo do Día Internacional da Muller, creou o concurso de cartaces «Pola Igualdade», co fin de que a obra que resulte premiada poida ser utilizada nas campañas de igualdade que desde o COPG se leven a cabo.

Vai dirixido a alumnado de 3º e 4º da ESO e poden participar en modalidade individual e grupal.

O prazo de admisión das obras rematou o 13 de maio de 2016. Pódense consultar as bases na web do COPG.

COMISIÓN DE CULTURA

copgalicia.gal/grupos-comisions/cultura

IX concurso literario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia «Rosa de Cen Follas»

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través da Comisión de Cultura, convocou a súa novena edición do Concurso Literario do COPG «Rosa de Cen Follas».

O prazo de admisión de orixinais rematou o 17 de maio de 2016.



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

ASESORÍAS

XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

Informes clínicos e informes periciais (II parte)

Os informes clínicos e periciais coinciden en que poden utilizar practicamente as mesmas fontes de información (entrevistas, probas psicométricas, observación, informes médicos e psicolóxicos, información de familiares). En ambas, trátase de integrar dun xeito coherente a información obtida. Pola contra, hai diferenzas ou matices en varios aspectos que debemos subliñar.

- Tanto as actuacións clínicas como periciais deben ser imparciais (art. 15 do CD), non obstante nos informes forenses este tema cobra especial relevancia xa que, de facto, existe un conflito entre as partes. Neste sentido, deberase prestar especial atención á redacción dos informes, non dando como veraces as afirmacións de cada parte (e obviamente non informando sobre persoas que non foron avaliadas), á interpretación das probas psicolóxicas ou ao equilibrio no número de entrevistas e probas psicométricas realizadas con cada persoa obxecto da avaliación, por poñer algúns exemplos. Debemos poñer especial coidado nos informes privados solicitados por unha das partes do litixio, xa que a persoa que paga pode entender que o informe sempre vai ser favorable para ela. Para evitar malentendidos, convén incluír no proceso unha cláusula acerca de que os resultados do informe son independentes dos intereses das persoas (lexítimos ou non), e só se reflectirá a información que o/a profesional poida verificar.
- A redacción dun informe debe ser sempre clara. Non obstante, no informe clínico, dependendo de quen sexa a persoa destinataria do informe, pódense incluír máis termos técnicos, xa que moitas veces é unha ferramenta de comunicación interprofesional. O informe pericial sempre vai ser lido por persoas alleas á profesión e, xa que é un documento legal e ten carácter probatorio, debe evitar na medida do posible os termos de difícil comprensión para persoas leigas en psicoloxía.
- Respecto ao arquivo dos rexistros, no caso das historias clínicas, existe a obriga de conservarlas un mínimo de 5 anos desde a data de alta. Os documentos xerados durante a avaliación pericial (gravacións, test, etc.) poden ser requiridos pola autoridade xudicial en calquera momento do proceso e polo tanto hanse gardar ata que teñamos a seguridade de que este finalizou (apelacións incluídas).

- Por outra parte, o estudo do engano, que nunca se fai no ámbito clínico, resulta imprescindible no informe forense. Por este motivo, non se poden presentar os resultados sobre as condicións psicolóxicas do suxeito sen descartar previamente a hipótese da simulación, xa que logo, cando se detecta esta, a situación clínica atopada non sería válida, mentres que no caso de non ser detectada, pódese concluír ao respecto con maior fiabilidade.
- O uso de múltiples fontes de información pode ser recomendable para o/a profesional clínico, pero non se fai de xeito habitual. Ademais hai certa flexibilidade no uso de procedementos e técnicas, dependendo da formación teórica da psicóloga ou psicólogo en cuestión. No informe pericial, en cambio, resulta irrenunciable, de modo que a información débese verificar a través de múltiples fontes para ter máis garantías na detección da simulación. Neste sentido, recórrese a entrevistas co suxeito, a entrevistas colaterais con outros e outras profesionais, familiares e amizades, a observación e rexistro condutual, a probas psicométricas, sendo preciso sinalar as discrepancias que poidan xurdir entre unhas e outras. Todas estas ferramentas teñen características peculiares no seu uso na práctica pericial. Así, a entrevista non debe ser excesivamente directiva, para non suxerir respostas, centrando a atención sobre a coherencia entre o discurso e a comunicación verbal e non verbal, e a aparición de estratexias de simulación ou disimulación; os test empregados deben posuír índices axeitados de validez e confiabilidade en relación coa área específica na cal se utilizan, para facilitar a replicabilidade por outro perito; e non se deben interpretar as puntuacións de xeito illado. Ademais é moi importante que as probas se cumprimenten en presenza da ou do perito, para poder advertir a existencia de factores de distorsión (fatiga, incompreensión...), manipulación por parte de terceiras persoas, e afinar a interpretación das impresións diagnósticas que poidan xurdir dos resultados desas probas.
- Calquera informe debería incluír unha descrición da metodoloxía e os resultados das probas administrados. Ás veces non é imprescindible no ámbito clínico, sobre todo cando o informe se emite con fins diagnósticos, e consiste nunha descrición da sintomatoloxía ou establecemento dunha categoría diagnóstica



determinada. No informe forense resulta crucial a descrición metodolóxica, dado que está suxeito ao principio de contradición, o que implica que as partes poden examinalo e sometelo a crítica. Igualmente débese incluír a información manexada pola ou polo perito para chegar ás conclusións expostas, así como os criterios científicos utilizados por este para valorar ditos datos. Non obstante, só se informará dos datos relevantes para os obxectivos da pericia, e non de toda a información recollida, a fin de garantir o dereito á privacidade das persoas.

■ As conclusións dun informe clínico recollen a descrición dun estado psicopatolóxico e recomendacións terapéuticas, baseándose no xuízo clínico da ou do profesional, e non resulta de interese o establecemento de relacións causais. Pola contra, as conclusións dun informe pericial deben dar resposta ás preguntas formuladas no mandato xudicial, non sendo indispensable un diagnóstico, e susténtanse no xuízo forense. Teñen que estar necesariamente baseadas na integración dos resultados obtidos, en datos obxectivos (é dicir, avaladas polos datos, evitando especular sobre aspectos que non contan con suficiente evidencia) e fundamentadas en criterios de decisión estritos. No contexto forense é necesario establecer unha relación de causalidade inequívoca entre os feitos axuizados e a sintomatoloxía clínica. Haberá que descartar a existencia de simulación así como a influencia de factores situacionais relacionados co proceso xudicial, que constitúe un estresor de grande envergadura que pode alterar os datos obtidos no proceso avaliativo. Á hora de redactar as conclusións convén empregar termos condicionais ou probabilísticos, por mor de que o coñecemento psicolóxico non está exento de erro, e débese reflectir calquera tipo de reservas que limiten o alcance das conclusións acadadas (art. 48 do CD) sobre todo cando se manexan técnicas que poden xerar grandes expectativas nos destinatarios do informe (p.ex., credibilidade da testemuña ou risco de reincidencia).

Para rematar, non existe un modelo único de estrutura dun informe, pero resulta útil ter en conta as recomendacións do «modelo estándar de informe psicolóxico», escrito elaborado pola Área de Psicología Xurídica do Consejo General de la Psicología.

*Enlace ao apartado da
Comisión de Ética e
Deontoloxía da páxina
web do COPG:
[http://copgalicia.gal/
grupos-comisions/
comision-de-etica-e-
deontoloxia](http://copgalicia.gal/grupos-comisions/comision-de-etica-e-deontoloxia)*

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os Colexiados e Colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, xornadas e congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

<https://copgalicia.gal/actividades/externas>

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

SEMINARIO IV «REPENSANDO AS COMUNICACIÓNS DE MALAS NOVAS»

Formación interna dirixida ao Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG

Datas: 21 de maio de 2016

Lugar: Sede do COPG - Santiago de Compostela

Organiza: Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

FORO «A PSICOLOXÍA ORGANIZANDO O TRABALLO»

Data: 28 de maio de 2016

Lugar: Sede do COPG - Santiago de Compostela.

Organiza: Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

III CONGRESO DE PSICOLOXÍA PROFESIONAL DE GALICIA: CAMIÑOS DA PSICOLOXÍA

Datas: do 2 ao 4 de xuño de 2016

Lugar: Palacio de Congresos e Exposicións Santiago de Compostela

Organiza: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

XORNADA FORMATIVA INTERNA DIRIXIDA A TERAPEUTAS DOS PROGRAMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Datas: 17 e 18 de xuño de 2016

Lugar: Santiago de Compostela

Organiza: Programa Abramos o Círculo e Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

**ÚLTIMOS
COLEXIADOS
E COLEXIADAS
DE GALICIA**

G-03259	Cristina	Lastra Barreira	G-05509	Flavia Estefanía	Silva Sastre
G-04467	Lorena	Graña Fernandez	G-05510	Noelia	Moreiras Reza
G-04519	Mª Dolores	Constenla Mauriz	G-05511	Lucía	Díaz Riola
G-05168	María	Pazos Calvo	G-05512	Olalla	Villaronga Seoane
G-05484	Ana Mª	García Gómez	G-05513	Adrián	Veloso Pérez
G-05485	Brais	Romanos Díaz	G-05514	Yolanda	Neira Cristobo
G-05486	Nuria	Otero Forneas	G-05515	Mª Loreto	Taboada Díaz
G-05487	Guadalupe	Oroña Quintáns	G-05516	Sonia	Currás Fontán
G-05488	Melva	Lage Castro	G-05518	Jennifer	Cabarcos Rubal
G-05489	Cristina	Rodríguez Pérez	G-05519	Mercedes	Garnelo Preciado
G-05490	Noa	Martínez Teijeiro	G-05520	Nuria	Salgado Sánchez
G-05491	Sonia	Gayoso Diz	G-05521	Gemma Mª	Portela Vilas
G-05492	David	Garrote Yáñez	G-05522	Marlén	Chaves Otero
G-05494	Mª Irene	Quinteiro Blanco	G-05523	Brais	Cambre Freire
G-05495	Cora	Otero Casalderrey	G-05524	Mª José	Álvarez Sánchez
G-05496	Sabela	González Gago	G-05525	Verónica	Pascual Sevillano
G-05497	Ingeborg	Lago Schramm	G-05526	María	Rial Bares
G-05498	Beatriz	Giráldez Riveiro	G-05527	Joana	Beltrán Argüeso
G-05499	Nuria	Fernández López	G-05528	Mar	Rodríguez Martínez
G-05500	José Manuel	Ferreira Diéguez	G-05529	Alejandra	Fernández Fitera
G-05501	Beatriz	Rodríguez Rego	G-05530	Magdalena	Lestón Lago
G-05493	Mónica	Mayer Sampedro	G-05531	Pedro	Silva Castromil
G-05502	Mª Gloria	Leiva Fouce	G-05532	Patricia	Iglesias Paz
G-05503	Nuria	Estévez Malvar	G-05533	Rubén	García Riobó
G-05504	Alba Pino	Jiménez Guerrero	G-05534	Edilberto	Álvarez-Soto Mosquera
G-05505	Mª Benito	Crespo Piñeiro	G-05535	Alba	López Riopedre
G-05506	Ana	Cabadas García	G-05536	Carla	Da Rocha Docampo
G-05507	Mª Carmen	Braña Álvarez	G-05537	Silvia	Vigo Pérez
G-05508	Ana Mª	Saavedra Arias	G-05538	Haizea	Garrido Costa



Venres 3 de xuño

Hora	Sala Santiago	Sala 2	Sala 3	Sala 4
09:00	Conferencia 3: <i>O fallo humano</i>	Simposio 1: <i>Menores en conflito social</i>	Simposio 19: <i>Mediación I</i>	Simposio 14: <i>Trauma e apego</i>
10:30	Simposio 3: <i>Psicoloxía e coaching</i>	Conferencia 1: <i>Programa me- nores infractores: intervención educativa e terapéutica</i>	Simposio 13: <i>Psicoloxía e atención primaria de saúde</i>	Conferencia 8: <i>O psicólogo/a no traballo en rede: do déficit á invención</i>
12:00	Acto Inaugural			
12:30	Conferencia 2 (inaugural): <i>Práctica, investigación e formación: tres illas con moito ambiente pero mal comunicadas</i>			
13:30	Simposio 2: <i>Protección da infancia e da adolescencia</i>	Conferencia 6: <i>Investigación sobre as consecuencias psicolóxicas en vítimas de desastres</i>	Simposio Comunicacións 1	Simposio 23: <i>Psicoloxía e sociedade</i>
15:00	Conferencia 12: <i>Pasado, presente e futuro da psicoloxía educativa</i>	Simposio 20: <i>Mediación II</i>	Simposio 9: <i>Intervención en violencia de xénero</i>	Simposio Comunicacións 2
16:30	Simposio 22: <i>Psicoloxía na encrucillada</i>	Simposio 16: <i>Psicoloxía da intervención social</i>	Conferencia 7: <i>A relación do/a psicólogo/a educativo/a coas familias</i>	Simposio 7: <i>Empregabilidade, innovación e emprendemento en psicoloxía</i>
18:00	Conferencia 10: <i>Perfilación psicolóxica na práctica forense de delitos violentos</i>	Simposio 17: <i>Achegas da psicoloxía á atención temperá</i>	Conferencia 9: <i>Achegas da psicoloxía ao desenvolvemento do talento deportivo</i>	Simposio 18: <i>Diversas vidas, mortes diversas: a axuda no final</i>

Sábado 4 de xuño

Hora	Sala Santiago	Sala 2	Sala 3	Sala 4
09:00	Simposio 12: <i>Suicidio</i>	Simposio 10: <i>Violencia na educación / Educación violenta</i>	Simposio 6: <i>Psicoloxía na empresa: reflexións e experiencias prácticas</i>	Simposio Comunicacións 3
10:30	Conferencia 4: <i>Mitos e realidades sobre a vellez e a saúde</i>	Conferencia 5: <i>O futuro da psicoloxía en seguridade viaria</i>	Simposio 11: <i>Psicoloxía educativa: Orientar e motivar</i>	Simposio 21: <i>Neuropsicoloxía</i>
12:00	Simposio 4: <i>Psicoloxía e corrupción</i>	Simposio 8: <i>Psicoloxía do tráfico en Galicia</i>	Simposio 5: <i>Investigación Beca Siota</i>	Simposio 15: <i>Envellecer hoxe</i>
13:30	Conferencia 11 (clausura): <i>Neurociencia e retos en psicoloxía</i>			
14:30	Acto clausura			

Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia



Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio
De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h,
e os venres de 9.00 a 15.00 h

Verán


*Do 1 ao 30 de xuño e do
1 ao 30 de setembro*
Luns, mércores, xoves e venres
de 8.00 a 15.00 h,
Martes de 8.00 a 20.00 h

Do 1 de xullo ao 31 de agosto
De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA
Federación Europea de
Asociacións Profesionales
de Psicológos